

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO

NIVEL: 6º

MESTRAS : Cristina Sánchez Fernández

Mª Luisa Lodeiro Matalobos

DATA: 3º Trimestre

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Linguas, Matemáticas, Ciencias, Educación en Valores Cívicos e Educación Plástica)**
- 2. Avaliación e cualificación de todas as materias.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles:

1.1.MATERIAS de LINGUAS : GALEGA E ESPAÑOLA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e daws demais	Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, identificando o tema e elaborando un resumo.
Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais	Identifica en documentos audiovisuais a información relevante.
Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	Usa documentos audiovisuais para obter, identificar, comparar e relacionar informacións.
Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	Participa axeitadamente nunha conversa, comprendendo o que fai o interlocutor.
Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos.	Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Fai pequenas exposicións adecuando diferentes necesidades do discurso.

Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Planifica e elabora un discurso oral coherente sen contradicións, utilizando vocabulario axeitado á súa idade
Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Identifica as ideas principais e secundarias en textos(narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos).
Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns ou adiviñas.	Busca información concreta dun texto.
Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Respecta as regras de puntuación dun texto.
Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Aplica a norma lingüística: Ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a coñecemento	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita
Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais.	Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado.
Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.	Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.
Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
Producir textos breves de xeito coherente.	Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias.

Comprender o sentido dos diferentes tipos de textos.	Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos
Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Recoñece e identifica algunhas das características relevantes (históricas, socioculturais, xeográficas e lingüísticas) das linguas oficiais en España

1.2. MATERIA de MATEMÁTICAS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problema	Revisa as operacións empregadas na resolución dos problemas e reflexiona sobre a coherencia do resultado.
Coñecer o sistema sexagesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.
Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas.
Operar con diferentes medidas.	Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

Operar con diferentes medidas.	Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	Revisa as operacións empregadas na resolución dos problemas e reflexiona sobre a coherencia do resultado.
Identificar, resolver tantos por cen en situacións reais.	Calcula tantos por cen en situacións reais.
Descompoñer números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras	Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras
Calcular o mcm e o mcd.	Calcula o mcm e o mcd.
Calcular todos os divisores de calquera número menor de 100.	Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
Intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.

1.3.MATERIA de CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.	Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.
Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.	Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor). Atracción e repulsión de cargas eléctricas. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.	Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado	Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.

funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.
Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.	Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.
Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.	Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.	Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.

1.4.MATERIA de CIENCIAS SOCIAIS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa materia, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan.
Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.
Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima. Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.

<p>Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.</p>	<p>Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.</p>
<p>Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.</p>	<p>Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.</p>
<p>Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.</p>	<p>Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade</p>
<p>Describir os movementos migratorios a poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.</p>	<p>Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.</p>
<p>Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.</p>	<p>Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.</p>

Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
---	--

1.5.MATERIA de VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Valorar a respectabilidade e a dignidade persoal, desenvolver un estilo persoal positivo e empregar as emocións de forma positiva para facilitar o pensamento.	<ul style="list-style-type: none"> 1.1. Razona e expresa por escrito o valor da respectabilidade e a dignidade persoal. 1.2. Coñece e asume os trazos característicos da propia personalidade. 1.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións. 1.4. É capaz de expresar os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos demais nas actividades cooperativas. 1.5. Aplica o autocontrol á toma de decisións, así como a negociación e a resolución de conflitos.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais, empregar	<ul style="list-style-type: none"> 2.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos.

estratexias de reestruturación cognitiva para superar as dificultades que xorden, e responsabilizarse do ben común.	<p>2.2. É consciente dos problemas escolares e séntese seguro e motivado para resolvelos.</p> <p>2.3. Identifica, define problemas e implanta solucións potencialmente efectivas.</p>
Ter un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais, propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisións persoal meditada e responsable.	<p>3.1. Actúa estimando as consecuencias das propias accións e desenvolvendo actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais de interacción social.</p> <p>3.2. Emprega o pensamento consecucional para tomar decisións.</p>
Iniciar, manter e finalizar conversacións cun xeito de falar adecuado aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación, para superar barreiras, e os que permiten lograr proximidade.	<p>1.1. Coñece e emprega adecuadamente os sistemas de comunicación non verbal xestual, icónica, táctil instintiva e sonora instintiva en situacións reais e simuladas.</p> <p>1.2. Coida as expresións co obxecto de mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversacións.</p> <p>1.3. Mostra interese polos seus interlocutores e predisposición a compartir sentimentos e pensamentos cando dialoga.</p> <p>1.4. Reflexiona sobre factores inhibidores da comunicación e expresa conclusións entrallos creativos.</p>
Crear pensamentos compartidos a través do diálogo, en busca do mellor argumento.	<p>2.1. Infire e dálle o sentido adecuado á expresión dos demais no diálogo.</p> <p>2.2. Utiliza correctamente as estratexias de escoita activa.</p> <p>2.3. Relaciona diferentes ideas e opinións para encontrar os seus aspectos comúns.</p>
Potenciar a interdependencia positiva, resolver problemas en colaboración, mostrar condutas solidarias e poñer de manifesto unha actitude aberta cara aos demais para compartir puntos de vista e sentimentos.	<p>1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.</p> <p>1.2. Desenvolve proxectos e resolve problemas escolares en colaboración.</p> <p>1.3. Mostra boa disposición a ofrecer e recibir axuda.</p> <p>1.4. Mostra condutas solidarias e traballa cooperativamente.</p> <p>1.5. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais para compartir puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula..</p>
Transformar o conflito en oportunidade, coñecer e empregar as fases da mediación, e utilizar a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	<p>2.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.</p> <p>2.2. Coñece e emprega as fases da mediación en situacións reais e simulacións.</p> <p>2.3. Emprega a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.</p> <p>2.4. Analiza as emocións, os sentimentos, e posibles pensamentos e puntos de vista de protagonistas de mensaxes audiovisuais que entran en conflito.</p>

<p>Asumir os dereitos e deberes do alumnado, realizar xuízos morais de situacións escolares utilizándoos como referencia, e resolver dilemas morais con supostos prácticos que reflectan situacións escolares.</p>	<p>3.1. Coñece e enumera dereitos e deberes do alumnado, e actúa en coherencia con eles. 3.2. Realiza xuízos morais de situacións escolares. 3.3. Actúa de forma coherente con valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.</p>
--	--

1.6.MATERIA de EDUCACIÓN PLÁSTICA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Trazar rectas paralelas e perpendiculares coa escuadra e o cartabón.</p>	<p>1.1. Traza grupos de rectas paralelas coa escuadra e o cartabón. 1.2. Traza rectas perpendiculares a outra pasando por puntos interiores e exteriores á recta dada. 1.3. Realiza composicións utilizando trazas compostas por rectas paralelas e perpendiculares. 4.2. Coida e aprecia a limpeza e a precisión na elaboración de debuxos xeométricos.</p>
<p>Coñecer o procedemento gráfico para a división da circunferencia en partes iguais pares (3, 4, 6 e 8), utilizándoo para a creación de estrelas e rosetóns..</p>	<p>6.1. Coñece e utiliza o procedemento gráfico para a división da circunferencia en 3, 4, 6 e 8 partes. 6.2. Compón estrelas e rosetóns a partir da división gráfica da circunferencia.</p>
<p>Coñecer e comprender o termo de escala aplicándoo: cambiando de escala un debuxo sinxelo.</p>	<p>7.1. Coñece e comprende o termo de escala aplicándoo: cambiando de escala un debuxo sinxelo.</p>

Comprender as características dos corpos xeométricos, e construílos a partir dos seus desenvolvementos.	8.2. Constrúe o tetraedro a partir do seu desenvolvemento que previamente debuxou con instrumentos de debuxo. 8.3. Elabora construcións utilizando como módulo o tetraedro e/ou hexaedro..
Definir e identificar as características da cor (ton, luminosidade e saturación) de forma oral e por escrito e utilízalas nas súas creacións variando de xeito intencionado as cores utilizadas.	1.1. Define as características da cor. 1.2. Sinala as características dunha cor que lle foi mostrada. 1.3. Realiza variacións dunha cor atendendo á súa luminosidade e saturación. 1.4. Realiza composicións cunha gama cromática. 1.5. Coñece o concepto e identifica as parellas de cores complementarias.
Comprender a arte abstracta como unha forma de expresión distinta á que ofrece a representación figurativa.	2.1. Investiga sobre a arte abstracta, a súa orixe e artistas máis representativos. 2.2. Compón obras abstractas coa intención de transmitir ideas e emocións.
Coñecer as posibilidades gráficas e a técnica do uso de rotuladores.	3.1. Utiliza as calidades expresivas dos rotuladores nas súas composicións.

2. Avaliación e cualificación de todas as materias.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Entrega telemática de traballos cando así o estime a titora. Análise e valoración dos traballos presentados.
	Instrumentos: Rexistros. Escala de valoración. Listaxes de cotexo.
Cualificación final	Terase en conta as cualificacións da 1ª e 2ª avaliación así como unha valoración positiva da 3ª (ata un máximo dun 10% da nota total) <u>O alumnado que teña materias suspensas no 1º ou 2º trimestre terá que facer obrigatoriamente un traballo de REFORZO que lle indicará a titora).</u>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)		
Aulas	6ºA	6ºB
Actividades	Lecturas, análise de textos, comprensión lectoras, creación de textos, manexo de información, recollida de datos, elaboración de esquemas, resolución de problemas, cálculo...etc. En xeral, trátase de repaso de contidos nas distintas materias e ampliación nalgún caso que incluírán mínimos introducidos anteriormente.	
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	O alumnado de 6ºA ten todo acceso a internet pero non todos contan cunha boa conexión á rede. Varias familias non teñen wifi e só contan cos datos do teléfono móbil dos pais ou nais. Dadas estas diferencias, cando se programan actividades para responder de xeito online, sempre se ofrece unha alternativa para realizar este traballo nos cadernos.	O alumnado de 6ºB ten toda boa conexión (15/15).
Materiais e recursos	Edubook de Vicens Vives Libros dixitais de Anaya Libros de texto	

	<p>Fichas de traballo. Libros de consulta e lectura. Dicionarios. Atlas e mapas. Xornais e revistas. Material audiovisual (murais, carteis e láminas, gravacións de audio e vídeo, fotografías, películas...).</p> <p>Material funxible. Material manipulable e experimental propio das distintas materias. Ordenadores.</p>
--	---

4. Información e publicidade.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través da páxina web do centro
Publicidade	A través da páxina web do centro

